

MESA SECTORIAL

06/05/2025

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 11 DE MARZO.

Apróbase a acta das referida sesión unha vez feitas as alegacións pertinentes por parte das Organizacións Sindicais.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: CALENDARIO ESCOLAR 2025/2026.

Comezar denunciando e lamentando que, unha vez máis, se perda a ocasión de abordar unha reforma en profundidade do calendario escolar. Máis tendo en conta que hai un par de anos a Administración se tiña comprometido a iso. **Hai un desequilibrio enorme entre os tres trimestres do curso (72, 53 e 53). Demandamos un equilibrio dos trimestres e que se dea liberdade para establecer as datas de avaliación e que non se vinculen a determinadas datas concretas. Non se poden superar os 175 días lectivos (a proposta que nos fai a administración é de 176 días).**



Como facemos tamén, ano tras ano, demandamos que o calendario escolar sexa de aplicación a todos os centros que imparten ensinanzas reguladas e non soamente aos centros sostidos con fondos públicos. Todos debemos ter as mesmas regras de xogo.

Con respecto ao **calendario de Formación Profesional** consideramos que debe flexibilizarse e adaptarse en función da duración dos ciclos formativos dandolle a este apartado da Orde unha redacción semellante á que se lle da para as Ensinanzas de Réxime Especial.

Tamén demandamos **que o transporte escolar non sexa condicionante da xornada escolar dos centros educativos e que se recupere a xornada reducida en xuño e setembro.**

Nos IES debe establecerse unha normativa única para a eliminación da xornada de tarde xa que hai Xefaturas Territoriais onde se permite sen ningún tipo de problema e outras nas que non.

Debe flexibilizarse a data de entrega das programacións didácticas. Mellorouse, neste senso a redacción con respecto á do curso pasado pero debería facerse explícita unha referencia a dita flexibilidade.



Demandamos que se retire o apartado 3 do artigo 4 que establece que o período de adaptación será ata o 12 de setembro. **O período de adaptación debe extenderse a todo o mes de setembro.**

En relación ao artigo 15 consideramos que o horario do profesorado xa ten a súa regulación normativa.

A Administración non modificará a proposta de Orde de Calendario presentada no día de hoxe.

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROLDA FINAL DE INTERVENCIÓNS.

- Desde ANPE Galicia queremos preguntar se as axudas para a realización de probas de nivel lingüístico para o alumnado foron concedidas a todos os centros concertados que as solicitaron xa que temos constancia de que non foi ese o

MESA SECTORIAL

06/05/2025

caso dos centros públicos e que houbo centros que quedaron sen este tipo de axudas.

- Consideramos que se debería abordar a cuestión da climatización dos centros educativos galegos.
- **Demandamos novamente a implantación da figura da enfermería escolar. No caso de Galicia a magnitude do déficit é maior do que aconsellan os ratios europeos (1 por cada 750). En Galicia hai actualmente 29 enfermeiras escolares para a totalidade do alumnado galego (1 por cada 6.368). De feito na nosa Comunidade, nin siquiera existe esa figura en todos os Centros de Educación Especial pese as peticións insistentes como é o caso do CEE de Vilagarcía.**
- **Denunciar que sigue habendo casos particulares de retraso no cobro dos sexenios** (12 casos dos que temos constancia na provincia da Coruña, na que a Xefatura Territorial di que é unha cuestión que debe resolverse desde Santiago).
- Demandamos que se recoñeza administrativa e economicamente o cargo e coordinador/a de programas internacionais nos IES como se fai nos CIFP.
- Demandamos a negociación dos ROCs na Mesa Sectorial.
- Demandamos a actualización da orde de permisos e licenzas.
- Sendo conscientes da situación de caos producido co apagón eléctrico denunciar que non houbese unha comunicación directa co profesorado.

